cREAgal

# RÚBRICA PARA AVALIAR AS ACTUACIÓNS RELAMPO: *Ruído en acción* (versión docente)

| | Excelente | Satisfactorio | Mellorable | Insuficiente |
|---|---|---|---|---|
| **O silencio** | O silencio utilízase de forma consciente e expresiva, tanto para dar comezo á actuación como durante a mesma. *(1)* | Tense en conta o silencio antes de comezar a actuación e entendese a importancia do seu uso como recurso rítmico. *(0,75)* | Hai certa atención ao silencio ao inicio pero non se fai un bo uso como recurso rítmico. *(0,50)* | Non se valora o silencio para comezar a actuación e non se usa como recurso rítmico. *(0,25)* |
| **Variedade rítmica** | Cada persoa do equipo interpreta un ritmo diferente con variedade de figuras rítmicas. *(1)* | Case todas as persoas do equipo interpretan un ritmo diferente con bastante variedade de figuras rítmicas. *(0,75)* | As persoas do equipo non interpretan un ritmo diferente ou hai moi pouca variedade de figuras rítmicas. *(0,50)* | As persoas do equipo non interpretan un ritmo diferente e hai moi pouca variedade de figuras rítmicas. *(0,25)* |
| **Variedade tímbrica** | A proposta presenta unha gran variedade tímbrica e inclúe o uso melódico do botellófono. *(1)* | A proposta presenta bastante variedade tímbrica e inclúe o uso melódico do botellófono. *(0,75)* | A proposta non presenta variedade tímbrica ou non inclúe o uso melódico do botellófono. *(0,50)* | A proposta non presenta variedade tímbrica nin inclúe o uso melódico do botellófono. *(0,25)* |
| **Interpretación** | Todas persoas do equipo interpretan moi ben a súa proposta e mostran seguridade e coordinación. *(1)* | Todas persoas do equipo interpretan ben a súa proposta e mostran bastante seguridade e coordinación. *(0,75)* | Todas persoas do equipo interpretan aceptablemente a súa proposta, mais con bastante inseguridade ou falta de coordinación. *(0,50)* | As persoas do equipo non interpretan aceptablemente a súa proposta e nótase inseguridade e falta de coordinación. *(0,25)* |
| **O discurso** | O discurso está moi ben estruturado e resulta coherente e fluído. *(1)* | O discurso está ben estruturado e resulta bastante coherente e fluído. *(0,75)* | O discurso está aceptablemente estruturado pero non resulta coherente nin fluído. *(0,50)* | O discurso non está aceptablemente estruturado e non resulta coherente nin fluído. *(0,25)* |
| **O slogan** | O slogan é moi pegadizo e ten unha mensaxe clara. *(1)* | O slogan é bastante pegadizo e ten unha mensaxe bastante clara. *(0,75)* | O slogan non resulta pegadizo ou non ten unha mensaxe o suficientemente clara. *(0,50)* | O slogan non resulta pegadizo nin ten unha mensaxe o suficientemente clara. *(0,25)* |
| **Traballo en equipo** | O reto amosa un excelente traballo en equipo. *(1)* | O reto amosa un bo traballo en equipo. *(0,75)* | O reto amosa un traballo en equipo aceptable. *(0,50)* | O reto non amosa un aceptable traballo en equipo. *(0,25)* |

CC BY NC SA

"Rúbrica para avaliar as actuacións relampo: *Ruído en acción* (versión docente)", do proxecto *cREAgal*, publícase baixo Licenza Creative Commons Atribución Non comercial Compartir igual 4.0